

1. Subliña os verbos conxugados dos dous últimos parágrafos e indica o seu tempo e modo.

*Irremediabilmente as familias remataran sabendo. E fixeran bromas. Que se non tiñan idade para iso, que se parecían nenos, que se xa estaba ben, que se... Pois non!, non eran nenos!, eran unha muller e un home! E se non había idades para odiar, tampouco non as habería para amar... ou?... Que ganas de amolar, carafío! Ela propúxolle marcharen xuntos por aí e el respondeu que non poderían sobrevivir economicamente, que necesitaban ás familias, pero ante a cara de desilusión dela prometeulle pensalo, e se chegaba á conclusión de que si, a chamaría ao día seguinte pola mañá e marcharían esa mesma tarde.*

*O repinico do teléfono fixo que o seu corazón brincase no peito. Escoitou pasos que se achegaban á súa habitación. Petaron na porta e... o sorriso da súa neta máis nova encheu de ledicia a estancia: «Avoa, chámante ó teléfono».*

Antepretéritos:remataran,fixeran

Pretéritos:propúxolle,respondeu,prometeu,fixo,escoitou,petaron,encheu,

Copretéritos:tiñan,parecían,estaba,eran,había,necesitaban,chegaba,achegaban

Pretérito de subxuntivo:brincase

Pospretéritos:habería,poderían,chamaría,marcharían

Presentes;chámante

Infinitivos odiar,amar,amolar

Complexos verbasi: poderían sobrevivir...

Perífrases: remataron sabendo...

Marcharen é un infinitivo conxugado que non ten información modo-temporal.

2. Este é un texto narrativo. Sinala a presentación, o nó e o desenlace da historia.

Presentación: Unha muller coñece a un home nun parque. Séntense atraídos e comezan unha relación.

Nó: A relación non é ben aceptada polas familias, polo que proxectan marchar a vivir xuntos, mais o home atopa dificultades ao seu plan ao carecer de independencia económica. Acordan que el debe meditalo e, no caso de que a decisión sexa positiva, comunicaralla a ela por teléfono ao día seguinte.

Desenlace: A muller agarda no cuarto cando a súa neta máis nova a vai avisar de que ten unha chamada, polo que sabemos que a decisión foi que si marcharían a vivir xuntos.

3. A autora xoga a crear unha falsa expectativa. Explica en que consiste e escribe ti un breve relato empregando o mesmo recurso narrativo.

A falsa expectativa consiste en facer crer que se trata de persoas de curta idade, xa que se coñecen no parque e teñen dependencia económica da súa familia.

Relato feito por vós/Resposta aberta.